



## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E A COMUNIDADE DA MERCÉ DA MAGDALENA DE SARRIA PARA AS OBRAS DE RESTAURACIÓN DO CLAUSTRO E ESPAZOS ADXACENTES NO CONVENTO DA MERCÉ DE SARRIA (LUGO)**

Santiago de Compostela,

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, actuando en representación da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 2º da Resolución de 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia de 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra, o Reverendo Padre Alejandro Francisco Robertson Muñoz (NIF 70.867.760E), actuando en representación dos Mercedarios provincia de Castilla – Convento de Sarria (Convento de la Mercé – Mosteiro da Madalena), Lugo (NIF R2700031D), en virtude da súa condición de Superior da Comunidade de Sarria e o seu representante por nomeamento de 16 de agosto de 2023 polo Provincial de Castilla da Orde de Nosa Señora da Merced, Redención de Cautivos,

Todas as partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de cooperación e por tanto,

### **EXPOÑEN**

#### **Primeiro:**

Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

#### **Segundo:**

Os apartados 1) e 2) do artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local





de Galicia establecen que as administracións públicas galegas axustarán as súas relacións aos principios de colaboración, cooperación, auxilio, coordinación e respecto aos correspondentes ámbitos competenciais, garantíndose a máxima eficacia nas xestións administrativas, podendo subscribir convenios de cooperación entre si, segundo o disposto no artigo 198 da mesma lei. Do mesmo xeito, o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, encomenda aos concellos a obriga de protexer, difundir e fomentar o valor cultural dos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial.

### **Terceiro:**

O convento da Mercé de Sarria ou mosteiro da Madalena é un edificio do século XIII cuxo orixe está ligado a dous monxes italianos que quixeron fundar un mosteiro e hospital para atender aos peregrinos.

A época de máis esplendor, como amosan os elementos arquitectónicos existentes de máis calidade, foron os séculos XVI, XVII e XVIII. Con posterioridade, no 1853 coa desamortización e exclaustación dos monxes, só mantiveron o uso relixioso a igrexa e a sancristía. No ano 1896 a Orde Mercedaria recuperou o seu uso e iniciouse un longo proceso de restauración.

A igrexa é de planta de tipo benil, e dicir cunha ampla nave rematada por capelas absidiais, de clara influencia italiana. Posteriormente se engade a sancristía polo seu lado norte.

O claustro procesional desenvólvese en dúas alturas. A planta baixa de estilo gótico data do século XVI. A alta, do século XVII é clasicista con elementos de estilo herreriano. Na panda oeste, en planta baixa se sitúa o antigo refectorio, que posúe portada e elementos góticos e sobre el, sitúase un espazo adicado a dormitorios. Entre ambos espazos existe un forxado de madeira con elementos decorativos de ménsulas e vigas de influencia mudéjar, hoxe en día ocultos por falsos teitos. A entrada ao refectorio se realiza a través dun espazo a dobre altura cunha escaleira barroca de gran singularidade.

### **Cuarto:**

Durante o século XX e debido aos diversos usos e actividades desenvoltas no edificio, producíronse alteracións da súa arquitectura orixinal. O paso do tempo e a falta de mantemento adecuado provocaron patoloxías que é necesario corrixir.

As principais patoloxías son as seguintes:

- Deterioro da tarima de madeira da sancristía debido as humidades do terreo.
- Existencia dunha escaleira entre a sancristía e a planta alta do claustro que non cumpre os parámetros de habitabilidade e accesibilidade, o que a converte en perigosa e inadecuada para o uso.



- Deterioro dos revocos na planta baixa do claustro e sancristía, algún deles de cemento que aporta sales ás fábricas de pedra.
- Instalación eléctrica e de iluminación no claustro inadecuada ao carácter monumental do edificio.
- Alteración do espazo do antigo refectorio debido a usos inadecuados derivados da actividade do colexio. A súa interesante estrutura de teito con vigas e ménsulas decoradas está tapada cun falso teito.
- Deficiente estado de conservación do espazo existente sobre o refectorio, con intervencións do século XX inadecuadas como a colocación dunha moqueta e lousas de formigón sobre a tarima de madeira, substitución de fiestras de madeira por outras de aluminio ou emprego de revocos de cemento.
- Alteracións nas fachadas do claustro oeste debido á eliminación de revocos tradicionais, cambio de fiestras de madeira por outras de aluminio ou aceiro e deterioro dos elementos singulares.
- Mal estado dos revocos e paramentos do espazo da escaleira barroca e inadecuada instalación eléctrica

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural pretende con esta intervención corrixir as anteriores patoloxías e mellorar as condicións de conservación do edificio.

## ACTUACIÓNS PROPOSTAS

As tarefas a levar a cabo pódense resumir en:

- Eliminación das humidades do terreo na sancristía mediante una soleira ventilada e illada, sobre a que se colocará un pavimento de granito similar ao da capela Maior e capela do Santo Cristo.
- Substitución da actual escaleira inadecuada entre a sancristía e a planta alta do claustro por outra nova que cumpra as esixencias de habitabilidade e se integre na arquitectura deste espazo. Acondicionamento do espazo existente sobre a sancristía como lugar expositivo e de almacén de pezas históricas.
- Picado dos morteiros de cemento e deteriorados da planta baixa do claustro e sancristía e substitución por outros de morteiro de cal tradicional.
- Substitución da instalación eléctrica e de iluminación do claustro procesional por outra nova que cumpra a normativa e se integre coa arquitectura monumental.
- No refectorio se eliminan os elementos descontextualizados das inadecuadas intervencións do século XX, deixando vista a estrutura de madeira do teito, poñendo en valor a súa decoración histórica e adaptando o espazo para uso museístico, incorporando un pavimento de madeira sobre soleira ventilada, novas carpinterías en madeira, novas instalacións e mobiliario expositivo.
- Acondicionamento do espazo sobre o refectorio para usos culturais e relixiosos, eliminando os elementos descontextualizados, restaurando aqueles de valor, incorporación de nova tarima de castiñeiro, novos revocos de morteiro de cal, nova iluminación e novas fiestras de madeira.
- Recuperación dos acabados de revoco tradicional no patio oeste, substitución da carpintería exterior e reforma da escaleira actual.



- No espazo da escaleira barroca se substitúe a instalación eléctrica actual por outra acorde co espazo monumental, se recuperan os revocos tradicionais e se restauran as pezas de cantería singulares.

Por todo o exposto, as partes acordan subscribir un convenio de colaboración baseado nas seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **Primeira.- Obxecto do Convenio**

O obxecto do presente convenio de colaboración é regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e a Comunidade da Mercé da Magdalena de Sarria para as obras de restauración do claustro e espazos adxacentes no convento da Mercé de Sarria (Lugo), para a **posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a execución das obras de conservación do Claustro e Espazos adxacentes no Convento da Mercé de Sarria (Lugo).**

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrência pública, xa que as obras de intervención previstas, están incluídas no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo “Conservar o patrimonio cultural galego, que inclúe actuacións en catedrais, mosteiros, conventos, abadías, igrexas e patrimonio eclesiástico galego”.

### **Segunda.- Obrigas da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades**

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, dentro das liñas de actuación que en materia de protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural, están sinaladas no seu programa de obxectivos, realizará as actuacións oportunas para a execución das obras de obras de restauración do Claustro e espazos adxacentes no convento da Mercé de Sarria (Lugo), con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia 2024 en función das súas dispoñibilidades económicas e en consonancia co disposto nos artigos 1 e 3 do Decreto 246/1992 da Consellería de Economía e Facenda (DOG núm. 159 do 17 de agosto de 1992).



### **Terceira.- Obrigas dos Mercedarios de Provincia de Castilla – Convento de Sarria (Convento de la Mercé – Mosteiro da Madalena), (Lugo)**

Pola súa banda, Os Mercedarios de **Provincia de Castilla – Convento de Sarria (Convento de la Mercé – Mosteiro da Madalena), (Lugo)**, comprométese a autorizar a plena e libre dispoñibilidade dos terreos e inmobles necesarios a favor da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para que esta poida acometer a execución das actuacións obxecto do presente convenio. Esta libre dispoñibilidade será realizada, segundo o establecido no Decreto 246/1992, do 30 de xullo, da Consellería de Economía e Facenda. Así mesmo, será o responsable de aprobar o documento técnico das actuacións e conservar e xestionar o acceso aos restos no ámbito dos terreos da súa titularidade.

### **Cuarta.- Comisión Paritaria**

Coa finalidade de asegurar o cumprimento do presente convenio, créase unha comisión mixta de seguimento e control, integrada por:

1. Dous (2) representantes da Xunta de Galicia
2. Dous (2) representante dos Mercedarios provincia de Castilla-Convento de Sarria (Convento da Mercé – Mosteiro da Madalena), Lugo

### **Quinta.- Resolución**

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

### **Sexta.- Vixencia**

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata a finalización das obras obxecto do mesmo, prevista para o 31 de xullo de 2025 e, en todo caso, ata a finalización da intervención.

En todo caso, a duración máxima prevista non poderá ser superior aos catro anos, salvo que normativamente esté previsto un prazo superior, de acordo co artigo 49 apartado h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

### **Sétima: Publicidade do convenio**

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan





que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Asemade procederáse á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

### **Oitava: Notificación electrónica**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

### **Novena.- Réxime Xurídico**

Este convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubrícano por duplicado exemplar no lugar e data expresados.

O conselleiro de Cultura, Educación,  
Formación Profesional e Universidades,

O Superior do Convento da Mercé do  
Mosteiro da Madalena (Lugo)

Román Rodríguez González

Alejandro Francisco Robertson Muñoz

